



PROXECTO PEL EMPREGO SUSTENTABLE NO ÁMBITO RURAL



1

O presente documento ten por obxecto dar a coñecer o desenvolvemento do proxecto PEL Emprego Sustentable e dos seus itinerarios formativos, así como outras accións complementarias de cara ao fomento do emprendemento social no territorio rural da provincia da Coruña e o procedemento de captación e selección de persoas participantes.



ITINERARIOS DE FORMACIÓN. CAPTACIÓN
E SELECCIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES.
PROXECTO PEL EMPREGO SUSTENTABLE
NO ÁMBITO RURAL
AP_POEFE

1. PEL EMPREGO SUSTENTABLE NO ÁMBITO RURAL, AXUDAS AP-POEFE DO FONDO SOCIAL EUROPEO DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS

O proxecto PEL Empleo sustentable no ámbito rural enmárcase na convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a Entidades Locais para a inserción das persoas máis vulnerables no contexto do Programa Operativo de Empleo, Formación e Educación (POEFE).

O proxecto foi aprobado por Resolución de 13 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local. Dos 126 proxectos que concorreron á dita convocatoria, 74 resultaron subvencionados, 4 deles pertencentes á nosa comunidade galega, entre eles, o proxecto da entidade provincial coruñesa que ten un orzamento de 5.315.739,31€ e recibe unha axuda do 80% (4.252.591,45€). O 20% restante será financiado pola Deputación con fondos propios .

A través desta iniciativa a Deputación promoverá a empregabilidade, o autoemprego e a posta en valor dos recursos endóxeos a través da formación e o acompañamento na inserción laboral de colectivos vulnerables, como eixo da evolución integral dos territorios máis rurais da provincia.

Poñer en valor o potencial de resiliencia e innovación que teñen os territorios rurais e as súas poboacións, con baixas expectativas de desenvolvemento e moi dispersas xeograficamente, é, esencial, trátase de dar resposta aos cambios e ás crises en curso (económicas, sociais, climáticas e financeiras, ás que engadir nestes momentos a situación sanitaria mundial) que configuran unha realidade de especiais dificultades en relación coa integración e inserción sociolaboral das persoas e colectivos con maiores desvantaxes sociais. A pesares da oportunidade que supón nestes momentos o retorno ao rural e a alta demanda de vivendas nos concellos pequenos e menos céntricos, fomentado polas novas posibilidades do teletraballo, medra a desigualdade social e económica, incluso a tecnolóxica destes colectivos de cara a obter un posto de traballo cualificado e de calidade.

A redución do desemprego e das desigualdades e o desenvolvemento sostible en termos sociais, económicos e ambientais da provincia son os factores clave da estratexia de emprego da Deputación da Coruña, para loitar contra a perda de poboación e a descapitalización social das áreas rurais da provincia.

Desenvolveranse o través das distintas fases do proxecto ata vinte itinerarios de inserción, cun total de 49 edicións, dirixidos a persoas en situación ou risco de exclusión social, no ámbito da atención a persoas, a agricultura e gandería, o sector forestal e de protección do monte, a dinamización social, carpintaría, tratamento de residuos e agroalimentación, complementados con accións para a creación de pequenos negocios e microempresas e de emprendemento social en actividades profesionais e empresariais de economía circular. Máis do 75% das accións formativas programadas están vinculadas á obtención dun Certificado de Profesionalidade.

Preto de 23.000 horas de formación que se impartirán en diferentes concellos da provincia e destinadas a mellorar a inserción sociolaboral das persoas a través da mellora da súa cualificación profesional e facilitar o seu acceso ao mercado de traballo en condicións de igualdade, en especial das mulleres do rural. Os itinerarios inclúen módulos de prácticas profesionais non laborais en empresas da provincia da Coruña.

Ao longo de toda a formación, realizarase un proceso de seguimento, intermediación e orientación das persoas participantes, que serán na súa maioría mulleres, xa que dun total de 855 participantes, 667 (un 78,01%) serán mulleres.



2. OBXECTIVOS

- Mellorar a calidade de vida, contribuír á creación de emprego e autoemprego, ao desenvolvemento económico e cohesión económica e social da provincia de A Coruña, de conformidade coas estratexias e políticas de emprego e solidariedade establecidas pola Unión Europea.
- Aumentar nos territorios participantes a oferta e a calidade de servizos que se ofertan en atención e dinamización das persoas, centrándoos en ámbitos estratéxicos (orientación laboral, apoio ao emprendemento, novos servizos na contorna rural)
- Mellorar a cualificación profesional do capital humano e promover a inserción laboral de colectivos con especial dificultade de acceso ao mercado de traballo, así como para fomentar a cultura emprendedora e favorecer a incorporación das mulleres ao mercado de traballo en condicións de igualdade.

3. REQUISITOS PERSOAS PARTICIPANTES

Para ser admitidas como participantes nas accións dos itinerarios de inserción, as persoas interesadas deberán cumprir cos seguintes requisitos xerais:

- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Estar empadroadado/a en algún dos concellos do proxecto.
- Cumprir cos requisitos de acceso á formación adscritos a cada unha das accións formativas.
- Pertencer a algún dos seguintes colectivos:
 - Persoas desempregadas de longa duración (PLD).
 - Xuventude menor de 30 anos non participante en accións do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ)
 - Persoas maiores de 55 anos.
 - Persoas con certificado de discapacidade sen impedimento físico ou psíquico que lle impida o normal desenvolvemento das accións formativas e da profesión á que vai asociada esa formación.
 - Persoas inmigrantes.
 - Persoas pertencentes a minorías étnicas e comunidades marxinadas.
 - Outros colectivos desfavorecidos como: participantes que viven en fogares compostos dun único adulto con fillos ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda; vítimas de violencia de xénero; vítimas de discriminación por orixe racial ou étnico, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas reclusas e ex reclusas; perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono escolar.
 - Outras persoas en situación de vulnerabilidade acreditada por un informe dos Servizos Sociais Municipais.

3

4. ITINERARIOS FORMATIVOS

Para formular os itinerarios integrados, tívose en conta, ademais da situación socio-laboral territorial, as ocupacións ou sectores con maior potencial de creación de emprego segundo a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020, que indica os sectores en crecemento. Ademais, a propia estratexia deriva aos Informes Anuais de Prospección e detección de necesidades formativas e nos traballos prospectivos do Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Emprego Estatal para recompilar información máis concreta e actualizada por provincias.

O informe de Prospección e Detección de Necesidades Formativas destacaba as actividades de seguridade e investigación, as actividades de fabricación de mobles e os servizos avanzados ás empresas como actividades económicas con mellores perspectivas de emprego; ademais advirten do aumento pola sensibilización cara a



agricultura ecolóxica, a innovación na gandería e un maior recoñecemento e valoración da economía circular, relacionada principalmente con actividades para a reutilización de residuos e subprodutos do tecido produtivo local.

Apoiados nesta información priorizáronse itinerarios relacionados cos sectores de servizos, sanidade e servizos sociais, actividades agroalimentarias e outras, que supoñen unha porcentaxe superior ao 75% respecto ao total de itinerarios deseñados no proxecto.

TÁBOA CORRESPONDENTE ÁS ACCIÓNS FORMATIVAS DE CADA ITINERARIO E Nº DE EDICIÓNS PROGRAMADAS DE CADA UNHA DELAS SEGUNDO AS FASES DE EXECUCIÓN 2021-2023

ANUALIDADE	ITINERARIO E NOME ACCIÓN FORMATIVA	Nº TOTAL DE EDICIÓNS	DURACIÓN ACCIÓN COMPLETA (horas)		NIVEL CP	Nº DE BENEFIC	PRAZAS RESERVA MULLERES
			Teoría	PNL*			
2021	PREFORMACIÓN						
	COMPETENCIAS CLAVE IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Informática básica	8	302	-	2	200	168 (21 x edición)
	COMPETENCIAS CLAVE IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Informática básica	2	502	-	3	50	40 (20 x edición)
2021	PERSOAS						
	ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Prevención de riscos laborais e autocoidado do/da coidador/a Emprendemento para pequenas empresas no medio rural, economía social Manipulación de alimentos	5	432	160	2	75	50 (10 x edición)
	XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Creación de centros municipais de teleasistencia Atención ao usuario/a Ofimática empresarial	1	300	160	2	15	13
2021	VIDA ACTIVA						
	DINAMIZACIÓN COMUNITARIA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Ofimática empresarial Inserción laboral de persoas en risco de exclusión	3	532	160	3	45	36 (12 x edición)
	GUÍA DE ITINERARIOS DE SENDEIRISMO IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Emprendemento para pequenas empresas no medio rural, economía social Ecoturismo Ocio inclusivo Inglés	2	612	150	2	30	12 x edición



ANUALIDADE	ITINERARIO E NOME ACCIÓN FORMATIVA	Nº TOTAL DE EDICIONES	DURACIÓN ACCIÓN COMPLETA (horas)		NIVEL CP	Nº DE BENEFIC	PAZAS RESERVA MULLERES
2021	EMPRENDEMENTO						
	EMPRENDEMENTO SOCIAL EN ECONOMÍA CIRCULAR IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Ecodeseño Traballo en espazos colaborativos. Empresas de economía social Elaboración e presentación de proxectos Desing Thinking	1	268	150	-	25	17
	PLANIFICACIÓN E INICIATIVA EMPRENDEDORA EN PEQUENOS NEGOCIOS OU MICROEMPRESAS IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Elaboración e presentación de proxectos Traballo en espazos colaborativos. Desing Thinking	2	212	120	3	30	20 (10 x edic)
2022/2023	FORESTAIS						
	ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Biomasa forestal Prevenición de Riscos Laborais Prevenición forestal	2	302	80	1	30	24 (12x edición)
	ACTIVIDADES AUXILIARES EN APROVEITAMENTOS FORESTAIS IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Biomasa forestal Prevenición de Riscos Laborais Prevenición forestal	2	302	80	1	30	20 (10x edición)
	OPERACIÓNS DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E APOIO A CONTINXENCIAS NO MEDIO NATURAL E RURAL IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Plan de evacuación e emerxencias Manexo de drons de vixilancia (TIC) Prevenición de riscos laborais e seguridade na extinción de incendios forestais	1	462	160	2	15	9
2022	EMPRENDEMENTO						
	EMPRENDEMENTO SOCIAL EN ECONOMÍA CIRCULAR IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Ecodeseño Traballo en espazos colaborativos. Empresas de economía social Elaboración e presentación de proxectos Desing Thinking	1	248	150	-	25	17
	PLANIFICACIÓN E INICIATIVA EMPRENDEDORA EN PEQUENOS NEGOCIOS OU MICROEMPRESAS IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Elaboración e presentación de proxectos Traballo en espazos colaborativos. Desing Thinking	2	178	120	3	30	20 (10 x edición)

5

*PNL: prácticas no laborais en empresa, duración en horas



ANUALIDADE	ITINERARIO E NOME ACCIÓN FORMATIVA	Nº TOTAL DE EDICIONES	DURACIÓN ACCIÓN COMPLETA (horas)		NIVEL CP	Nº DE BENEFIC	PRAZAS RESERVA MULLERES
			Teoría	PNL*			
2022/2023	AGRICULTURA						
	ACTIVIDADES AUXILIARES EN AGRICULTURA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Comercialización sustentable de produtos agroalimentarios Manipulador de alimentos Xestión de biorresiduos	2	402	80	1	30	26 (13 x edición)
	AGRICULTURA ECOLÓXICA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Manipulador de alimentos Emprendemento para pequenas empresas no medio rural Permacultura	2	512	80	1	30	26 (13 x edición)
	MANEXO E MANTEMENTO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Prevención de Riscos Laborais no uso de maquinaria agrícola Emprendemento para pequenas empresas en el medio rural economía social	1	292	80	2	15	13
2022/2023	GANDERÍA						
	ACTIVIDADES AUXILIARES EN GANDERÍA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Comercialización sustentable de produtos agroalimentarios Manipulador de alimentos Xestión de biorresiduos	1	462	160	1	15	13
	GANDERÍA ECOLÓXICA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Comercialización sustentable de produtos gandeiros Manipulador de alimentos Emprendemento para pequenas empresas no medio rural	2	472	160	2	30	26 (13 x edición)
	ELABORACIÓN DE LEITES DE CONSUMO E PRODUTOS LÁCTEOS IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Economía circular Xestión de biorresiduos Comercialización de produtos ecolóxicos Emprendemento en pequenas empresas no medio rural	1	582	160	2	15	13
2023	FORMACIÓN DUAL						
	OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCINA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Inglés Cociña para celíacos Cociña para vexetarianos	3	352	230	1	45	36 (12 x edición)
	TRATAMENTO DE RESIDUOS E RECICLAXE IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Economía circular Competencias Dixitais Fabricación de mobiliario urbano con materiais reciclados	1	322	200	2	15	10



ANUALIDADE	ITINERARIO E NOME ACCIÓN FORMATIVA	Nº TOTAL DE EDICIONES	DURACIÓN ACCIÓN COMPLETA (horas)		NIVEL CP	Nº DE BENEFIC	PAZAS RESERVA MULLERES
2023	FORMACIÓN DUAL						
	MONTAXE DE MOBLES E ELEMENTOS DE CARPINTERÍA IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Economía circular Restauración de mobles Ecodeseño Emprendemento en pequenas empresas no medio rural	2	472	160	1	30	26 (13 x edición)
2023	EMPRENDEMENTO						
	PLANIFICACIÓN E INICIATIVA EMPRENDEDORA EN PEQUENOS NEGOCIOS OU MICROEMPRESAS IO entre homes e mulleres Igualdade de trato e non discriminación Desenvolvemento sustentable, coidado e respecto do medio ambiente Elaboración e presentación de proxectos Traballo en espazos colaborativos. Desing Thinking	2	212	120	3	30	20 (10 x edición)

*PNL: prácticas no laborais en empresa, duración en horas

2021/2023	ENCONTROS CO TECIDO EMPRESARIAL DINÁMICAS OUTDOOR	CONGRESO DE INNOVACIÓN SOCIAL PARA O EMPREGO	HACKATHON SOCIAL	EVENTO DE CAPTACIÓN DE TALENTO	FORO DE EMPRENDEMENTO RURAL
ACCÍONS DE DINAMIZACIÓN DO EMPRENDEMENTO SOCIAL E INNOVADOR					
Nº TOTAL DE EDICIÓNS	2	1	1	3	3
HORAS POR EDICIÓNS	5	5	5	5	5
Nº TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS POR EDICIÓNS	50	200	100	100	100

7

5. SISTEMA DE CAPTACIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES

O sistema de captación de persoas beneficiarias realizarase en base ao traballo en rede establecido cos equipos de profesionais municipais, tanto a través de accións propias da deputación como des concellos, para a difusión do proxecto a través de redes e servizos públicos de emprego, bolsas de emprego de outras entidades colaboradoras, centros de atención e información de asociacións, etc. Do mesmo xeito, promoverase a utilización da rede de servizos sociais municipais, equipos de inclusión do consorcio galego de servizos de igualdade e benestar, centros de información á muller e centros de mocidade para a identificación de posibles persoas beneficiarias.

O sistema de captación de persoas inactivas englobará, como mecanismo útil de actuación, a difusión do proxecto en centros de carácter diverso, aos que de xeito cotiá acoden potenciais persoas mozas e mulleres: centros cívicos, deportivos, de ensaio, entidades de actividade artística, institutos, centros de saúde, asociacións de fin diverso e outras que, en áreas rurais, acostuman constituír un lugar de reunión de persoas.



O paso seguinte será a selección de beneficiarios/as baseada na realización de entrevistas por parte dos e das profesionais que integran a rede técnica municipal, seguindo os criterios técnicos e específicos predefinidos de selección.

Eses criterios técnicos estableceranse para o acceso a cada unha das diferentes accións de formación específica e os niveis dos programas e certificados de profesionalidade e terán en conta os coñecementos ou a formación previa, a experiencia/non experiencia profesional, a antigüidade como demandantes de emprego, a situación persoal, a pertenza a algún colectivo dos priorizados, pero sobre todo a inexistencia de condicionantes persoais que impidan a asistencia nas porcentaxes exixidos para ter dereito ao cobro final de bolsa e diploma, así como a actitude e compromiso como participante en acción de inserción socio-laboral. .

Os criterios específicos (dispoñibilidade para participar, implicación activa nas accións, motivación persoal, expectativas, cualidades, habilidades, actitudes, motivación laboral, carácter emprendedor, viabilidade de plans empresariais e plans persoais, etc.) establécense coa finalidade de poder perfilar a intensidade de traballo esixida por cada itinerario de xeito que se asegure a inserción efectiva.

As fases a seguir no proceso de selección de participantes e os criterios de selección serían:

1. **Inscrición e presentación de solicitudes:** todas as persoas interesadas en participar deberán entregar a documentación esixida nos prazos establecidos no concello no que estean empadroadas.
2. **Baremación de criterios de carácter xeral:** o persoal técnico do concello dos servizos de emprego e desenvolvemento local, é o encargado de estimar ou desestimar as inscricións recibidas en función de se cumpre ou non requisitos de acceso e a documentación presentada está completa e é correcta.

Non se admitirán inscricións que non vaian acompañadas da documentación requirida ou esta non sexa lexible ou se corresponda coa información solicitada.

De entre todas as solicitudes admitidas, realizarase unha valoración conforme á documentación achegada e baremarán a solicitude. (Avaliación da situación de vulnerabilidade social, segundo o previsto no proxecto PEL Emprego sustentable no ámbito rural , tendo en conta o establecemento das reservas de prazas para mulleres indicadas na táboa de accións formativas, **valoración de 0 a 7 puntos**).

Propónse seleccionar ás persoas candidatas sobre a base aos seguintes criterios:

Otogarase 1 punto por cada una das circunstancias de vulnerabilidade que reúna cadaa persoa segundo os establecidos no punto 3 deste documento REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Persoas desempregadas de longa duración (PLD: mais de 6 meses continuos en situación de desemprego se son persoas menores de 25 anos, e mais de 12 meses continuos en desemprego se teñen unha idade igual ou superior a 25 anos).
- Xuventude menor de 30 anos non participante en accións do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ)



- Persoas maiores de 55 anos.
 - Persoas con certificado de discapacidade sen impedimento físico ou psíquico que lle impida o normal desenvolvemento das accións formativas e da profesión á que vai asociada esa formación.
 - Persoas inmigrantes.
 - Persoas pertencentes a minorías étnicas e comunidades marxinadas.
 - Outros colectivos desfavorecidos como: participantes que viven en fogares compostos dun único adulto con fillos ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda; vítimas de violencia de xénero; vítimas de discriminación por orixe racial ou étnico, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas reclusas e ex reclusas; perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono escolar.
 - Outras persoas en situación de vulnerabilidade acreditada por un informe dos Servizos Sociais Municipais.
3. **Entrevista Persoal: valoración de 0 a 3 puntos**, realizarase unha entrevista ás primeiras 10 persoas, unha vez baremada a súa situación de vulnerabilidade, e na que se valorarán aspectos tales como a motivación, a seguridade no compromiso, a non existencia de accións persoais programadas que impidan a asistencia continuada (eventos familiares, cirurxías, viaxes, etc.) adecuación do itinerario e a acción formativa solicitada a súa traxectoria formativa ou laboral, ao seu obxectivo profesional e a existencia dun proxecto de diversificación profesional coherente no seu caso.

9

Como resultado deste proceso de selección, as persoas solicitantes obteñen unha puntuación (máximo 10 puntos), enviaranse as candidatas listadas de maior a menor puntuación, sendo admitidas nas accións de formación en función dela una vez se realice a comparación coas candidatas enviadas polos outros concellos, tendo en conta o número de prazas reservadas para as mulleres.

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E PERSOAS SUPLENTES

A listaxe definitiva de persoas admitidas e suplentes será elaborada polo equipo técnico do proxecto en base ao mantemento do equilibrio territorial, seleccionando primeiro á persoa con maior puntuación de cada un dos concellos que enviaron candidaturas segundo a orde de chegada, para despois seleccionar en segunda rolda, no caso de que sexa necesario, á persoa seguinte en puntuación de cada un dos concellos ata completar a listaxe de participantes e suplentes, tendo en conta que estes últimos so poderían incorporarse nos primeiros 5 días de iniciada a formación cando algunha das persoas admitidas cause baixa.

As persoas solicitantes que, reunindo requisitos de acceso, no foran seleccionadas figurarán nunha listaxe de espera ordenada en base ao establecido para ser admitidos no caso de producirse desistimento ou para substituír ás participantes que causen baixa nun itinerario de forma voluntaria, por ausencias inxustificadas ou por exclusión



determinada polo equipo técnico e o responsable municipal que corresponda por non seguir e participar no itinerario de forma regular e con interese, tendo en conta as porcentaxes de tempo que cada certificado de profesionalidade establece para a admisión de persoas suplentes.

Establecerase un prazo máximo de 2 días, unha vez enviadas estas listaxes de admitidas e suplentes aos concellos para confirmar á participación das persoas.

6. OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE. CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA

Dende este proxecto, e co deseño das actuacións de implementación de itinerarios de inserción preténdese facilitar o conxunto de competencias persoais e profesionais con significación para a inserción laboral, que poderán ser adquiridas mediante formación modular ou por unidades de competencia (formación profesional para o emprego para a obtención de certificados de nivel 1, 2 e 3), así como a través da experiencia laboral (prácticas profesionais en empresas, nas que se aumentou a carga horaria das mesmas considerando que son unha fase crucial para obter á inserción laboral).

O obxectivo da formación desenvolvida é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Na implantación práctica dos itinerarios observaranse, en todo caso, os requirimentos substanciais recollidos nos certificados de profesionalidade correspondentes tanto na súa execución en modalidade completa como na modular, segundo se recolle no convenio asinado coa Xunta de Galicia, para que as accións formativas dos itinerarios de formación formulados leven consigo a acreditación a través da expedición dos correspondentes certificados de programas e certificados de profesionalidade, que en todo caso, serán emitidos polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de cumprir os requisitos previstos para tal fin no convenio.

7. ÁMBITO TERRITORIAL E SEDES DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

O ámbito territorial para a execución das accións formativas, é o ámbito territorial do proxecto, que se circunscribe a todos os concellos da provincia da Coruña, excepto aqueles que teñen máis de 50.000 habitantes, A Coruña, Ferrol e Santiago.

Debido ao gran número de concellos participantes, para unha mellor xestión e execución divídese a provincia en 3 zonas de actuación atendendo a criterios de proximidade xeográfica, comunicacións e outros aspectos de consideración que contribúan a remover os obstáculos derivados da dispersión xeográfica que caracteriza á provincia.

10



Así, cada concello pertence a unha zona, sendo a proposta de distribución territorial das diferentes accións formativas para este proxecto a seguinte:

LOCALIZACION PROPUESTA ZONA 1	LOCALIZACION PROPUESTA ZONA 2	LOCALIZACION PROPUESTA ZONA 3
Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón, Moeche, Ortigueira, As Somozas, San Sadurniño, A Capela, As Pontes, Monfero, Ares, Fene, Mugaridos, Narón, Neda, Valdoviño, Cabanas, Pontedeume, Vilarmajor, Aranga, Irixoa, Miño, Paderne, Betanzos, Coirós, Oza-Cesuras, Curtis, Sobrado, Vilasantar	Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada, A Laracha, Carballo, Coristanco, Malpica, Ponteceso, Cerceda, Tordoia, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Trazo, Val do Dubra, Arzúa, Boimorto, Melide, Toques, Santiso, Touro, O Pino, Boqueixón, Vedra	A Pobra, Rianxo, Ribeira, Boiro, Porto do Son, Dodro, Padrón, Rois, Carnota, Lousame, A Baña, Ames, Brión, Teo, Mazaricos, Muros, Negreira, Noia, Outes, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Laxe, Muxía, Zas, Vimianzo, Cabana, Santa Comba

A **proposta definitiva de sedes** dependerá da empresa proposta como adxudicataria para cada unha das accións ao esixirlles na licitación a presentación de centros e instalacións acreditadas para impartir o certificado de profesionalidade correspondente, información que será transmitida no momento de xestionar as convocatorias específicas por acción formativa.

11

Xunto a estas propostas das adxudicatarias se terán en conta:

- Saídas profesionais locais e nichos do mercado laboral municipal e as análises do Observatorio Ocupacional do Instituto Galego de Cualificacións, en base ás ocupacións máis demandadas en cada zona.
- Programación de formación ocupacional pre-existente en cada zona da provincia.
- Condicionamentos xeográficos, servizos de transporte público e variables demográficas.
- Equilibrio na proporción de representatividade e distribución provincial e por zonas.

8. AXUDA ECONÓMICA PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES

As persoas participantes nos itinerarios de PEL Empleo sustentable no ámbito rural terán dereito á percepción dunha axuda económica en forma de bolsa se carecen de rendas ou ingresos de calquera natureza, iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75% do IPREM vixente cada ano, segundo o establecido na lei de Orzamentos Xerais do Estado.

O importe desta axuda será de 13,45 euros diarios e devengarase por días de asistencia que teñan a condición de lectivos, non poderá recibirse axuda aqueles días nos que se produza ausencia aínda que tal ausencia estea xustificada.



ITINERARIOS DE FORMACIÓN. CAPTACIÓN
E SELECCIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES.
PROXECTO PEL EMPREGO SUSTENTABLE
NO ÁMBITO RURAL
AP_POEFE

As axudas que as participantes perciban por prestacións sociais públicas ou de asistencia social, serán compatibles coa axuda prevista por asistencia aos itinerarios de formación

Para poder percibir esta axuda, a persoa participante deberá completar o itinerario de formación, obtendo o diploma acreditativo ou o certificado de profesionalidade que corresponda, admitindo so ausencias xustificadas de ata o 10% das horas totais da duración.

No caso de ausencias superiores ao 10%, aínda que foran xustificadas, non se considerará completado o itinerario formativo e perderase o dereito á obtención da bolsa económica.

Unha vez determinado o número total de horas de asistencia de cada persoa participante, a deputación da Coruña , aboará, nun único pago, as axudas que correspondan a aquelas que completen o itinerario e cumpran os requisitos para a súa obtención.

ANEXOS

- I. Formulario de solicitude
- II. Check list documentación diferentes fases proceso de participación
- III. Baremo criterios e entrevista